

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE FORMACIÓN EN CENTROS UNIVERSITARIOS DIRIXIDAS AO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2024/2025

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 72 dos referidos estatutos, poderá ofrecerlle ao seu estudantado bolsas de formación para desenvolver actividades que contribúan á súa formación integral.

Vista a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE

1. Convocar en réxime de concorrencia competitiva, **35** bolsas de formación complementaria en centros universitarios que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta de recurso de reposición interposto, de acordo co disposto na *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS DE FORMACIÓN EN CENTROS UNIVERSITARIOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

1. OBXECTO

O obxecto da bolsa é fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula.

Convócanse 35 bolsas consonte a distribución do anexo II.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Posuír nacionalidade española, dalgún outro país da Unión Europea, ou de países non comunitarios acreditando a condición de residente permanente en España a 31 de decembro de 2023 (non é suficiente o permiso de estadía por estudos).
- b) Estar matriculado en centros propios no curso 2024/2025, durante todo o período de duración da bolsa, nas titulacións oficiais de **grao ou mestrado universitario sinaladas no anexo II, no campus no que se opta á bolsa**. Para estes efectos terase en conta o estado da matrícula día 16 de setembro de 2024.
- c) No caso de matrícula en titulacións de Grao ter superados o 50% dos créditos dos estudos de Grao. Para estes efectos terase en conta que o último día establecido pola universidade para presentar as actas de xullo segundo o calendario académico é o 22 xullo.
- d) Cumprir os demais requisitos específicos sinalados no anexo II. Para estes efectos terase en conta que o último día establecido pola universidade para presentar as actas de xullo segundo o calendario académico é o 22 de xullo.
- e) Non gozar con anterioridade dunha bolsa de formación complementaria da Universidade de Vigo durante máis de doce meses, de forma consecutiva ou descontinua. O cómputo do tempo farase de data a data.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas cales concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

3. PLAN FORMATIVO

A) Obxectivos e competencias que se adquirirán: consonte o sinalado no anexo II.

B) Tutores/as responsables:

Os bolseiros/as estarán baixo a tutoría das persoas sinaladas no anexo II, as cales se responsabilizarán da formación impartida, do desempeño da actividade de colaboración e da orientación no desenvolvemento do plan formativo.

C) Seguimento e avaliación da formación:

A persoa bolseira deberá entregarlle á persoa titora unha memoria trimestral das actividades realizadas e unha memoria final de acordo co establecido no punto 10 desta convocatoria. Así mesmo deberá cubrir ao final do período formativo un cuestionario de satisfacción co programa realizado.



4. INCOMPATIBILIDADES

Estas bolsas de formación complementaria son incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgúna entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou co subsidio por desemprego.

Tamén será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria convocada por calquera entidade pública ou privada para o mesmo período, e entre elas coa bolsa de colaboración cos departamentos universitarios do MEFP.

5. DURACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PERÍODO FORMATIVO

1. A duración máxima do período formativo será de 9 meses. Non se iniciará antes do **1 de outubro de 2024 e finalizará o 30 de xuño de 2025**.

2. O número de horas de colaboración será de **15 horas semanais**. Realizaranse tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico e a carga lectiva da persoa bolseira, quen poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación dun mes entre distintas semanas dentro do mesmo mes.

3. O disfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no *Real decreto 1493/2011 do 24 de outubro*, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

4. As persoas bolseiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A bolsa non supón ningún compromiso de cara á posterior incorporación da persoa bolseira aos cadros de persoal da universidade.

5. O período de prestación destas bolsas poderá ser obxecto de recoñecemento de créditos en virtude do disposto na Universidade de Vigo.

6. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas (achégase o correspondente certificado de existencia de crédito) ascenden a un máximo de **127.904,70 €** (a expensas dos posibles incrementos da cota patronal que se podan producir ao longo do período de execución das bolsas) por conta da aplicación orzamentaria:

- 2024 0000 121D 482.11: **38.856,30 €** (37.800€ pola dotación bruta da bolsas e 1.056,30 € en concepto de cota patronal).
- 2025 0000 121D 482.11: **89.048,40 €** (75.600€ pola dotación bruta das bolsas e 13.448,40 € en concepto de cota patronal).

2. A contía individual será como máximo 360 €/mes. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza na normativa vixente nestas materias.

3. O pagamento realizarase por meses vencidos mediante unha transferencia á conta bancaria que sinala a persoa bolseira na súa solicitude e da que deberá ser titular. No caso de que non chegase a completarse o período da bolsa só se aboará a contía proporcional da bolsa correspondente ao período realizado sempre e cando este sexa superior a 15 días; no caso contrario non se percibirá ningunha axuda.

Se a actividade desenvolva pola persoa bolseira en cada mes non se corresponde coas condicións fixadas nesta convocatoria, e co fin de adecuar o pagamento á actividade real realizada nese mes, a persoa titora deberá emitir un informe no cal constará a actividade realizada e achegarao á Sección



de Axudas e Bolsas antes do día 25 do mes en curso. No caso de non realizar ningunha das horas de dedicación nunha semana deberá notificarlo inmediatamente á Sección de Axudas e Bolsas.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1 As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13578

descargalo e presentalo na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede. No **asunto** indicará “*Bolsas formación Centros*”, e achegará unicamente o formulario coa solicitude. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán observar en todo momento as persoas solicitantes https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_registro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial se lle requirirá que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte de publicarse esta convocatoria e remata o **26 de xullo de 2024** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. As persoas solicitantes establecerán unha orde de prioridade nas bolsas solicitadas que será vinculante.

4. Xunto coa solicitude deberán subir, de ser o caso, a seguinte documentación ó formulario en liña (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- a) Certificación académica dos estudos realizados, no caso de que se realizasen nunha universidade distinta á de Vigo
- b) Os documentos que correspondan en cada caso, segundo os criterios específicos de selección establecidos no anexo II:
 - 1) Cursos relacionados co perfil formativo
 - 2) Currículo
 - 3) Documentación acreditativa dos méritos alegados

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación dos requisitos de méritos alegados.

8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na secretaría virtual. De non presentar a



emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos criterios específicos do anexo II.

A comisión de avaliación está composta por:

- Para as bolsas do Campus de Ourense:

Comisión permanente do consello de Campus de Ourense

Presidente: Francisco Javier Rodríguez Rajo, vicerreitor do Campus de Ourense

Secretaria: María Montserrat Cruz González, sector decanos/as área Ciencias Sociais e Xurídicas

Vogais: Julio Prada Rodríguez, sector decanos/as área Artes e Humanidades

Arno Formella, sector decanos/as ou directores/as área Enxeñaría e Arquitectura

Pedro Araújo Fernández, sector decanos/as área de Ciencias

María Remedios Lameiro Diéguez/Filemón Rivas López (suplente), sector PTXAS

Pilar Aurora Araújo Araújo/Alexo Breogán Riobóo Lois (suplente), sector alumnado

Luis Pérez Gómez, representación sindical PTXAS

Jesús Deibe Fernández Simo, representación sindical PDI

- Para as bolsas do Campus de Pontevedra:

Presidenta: Eva María Lantarón Caeiro, vicerreitora do Campus de Pontevedra

Vogais: Begoña Paz García, profesora da Facultade de Belas Artes

Ana Belén Fernández Souto, profesora da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

Miguel Ángel Cabañas Díaz, PTXAS da Vicerreitoría de campus

- Para as bolsas do Campus de Vigo:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Vogais: Cándido López García, profesor da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

Yolanda Blanco Fernández, profesora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee mediante resolución reitoral. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

3. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

No caso de non se lle conceda algunha das opcións solicitadas pasará a formar parte da listaxe de agarda coa puntuación que lle corresponda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na secretaría virtual.

4. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.



As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, denegada coa mención da causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

5. As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

O estudantado con bolsa concedida deberá entregar a través da sede electrónica (e enviar unha copia a bolsasformacion@uvigo.gal) no prazo de tres días desde a publicación da resolución definitiva a seguinte documentación para os efectos do alta na seguridade social:

- Modelo TA2 (Seguridade Social) no que debe constar o **número de afiliación á Seguridade Social do/a estudante**.
- Modelo 145 (IRPF)

A non presentación da documentación necesaria entenderase como renuncia á bolsa previa resolución.

A persoa bolseira presentarse no lugar, día e hora que se indique na resolución de adxudicación.

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na Secretaría Virtual e presentalo na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas e o titor/a, cun mínimo de 15 días de antelación á data en que se fará efectiva a renuncia. A renuncia dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

10. OBRIGAS

Son obrigas das persoas bolseiras:

1. Realizar, baixo a supervisión do titor/a, a actividade formativa e o plan formativo de xeito presencial conforme ao establecido na convocatoria.
2. Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.



3. Achegar á Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

11. REINTEGRO DAS BOLSAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
2. Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrarlle á universidade a cantidade indebidamente percibida.

12. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que se puidesen impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para cumprir por aquela as obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente vulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf>



ANEXO II
BOLSAS CONVOCADAS
CAMPUS DE OURENSE

Centro	Facultade de Ciencias de Ourense
Tipo de bolsa	Tratamento e difusión actividades relacionadas coa titulación - 1 bolsas-15
Obxectivos e Competencias que se adquirirán	Competencias que se adquirirán: • Coñecemento, avaliación crítica e utilización das fontes de información. • Busca e análise de información documental. • Comprensión, avaliación e adecuación da información. • Deseño de recursos para actividades de divulgación científica. • Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación. • Manexo de ferramentas de edición de imaxe e maquetación de contidos. • Interpretación e representación gráfica da información.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado universitario da Facultade de Ciencias
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no RD 1125/2003 no caso de estudos de grao ou continuación de mestrado universitario de mais de 60 créditos. Para o estudantado de inicio de estudos de mestrado nota de acceso, agás cambio de estudos do mesmo nivel ou adaptación ao novo plan de estudos, neste caso terase en conta a nota media do seu expediente (RD 1125/2003). 2. Ao estudantado que teña concedida no curso 2023/2024 unha bolsa MEFP ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional.
Titor/a	María Fernández González, vicedecana de Estudantado e Promoción Externa da facultade
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria



Centro	Facultade de Historia de Ourense
Tipo de bolsa	Tratamento e difusión actividades relacionadas coa titulación - 1 bolsas-15
Obxectivos e Competencias que se adquirirán	• Coñecemento, avaliación crítica e utilización das fontes de información. • Busca e análise de información documental. • Comprensión, avaliación e adecuación da información. • Deseño de recursos para actividades de divulgación científica. • Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación. • Manexo de ferramentas de edición de imaxe e maquetación de contidos. • Interpretación e representación gráfica da información.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado universitario da Facultade de Historia ou no PCEO en Turismo e Xeografía e Historia.
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico: Para estudantado de continuación de estudos de grao e de mestrado de mais de 60 créditos nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003. Para o estudantado de inicio de estudos de mestrado nota de acceso, agás cambio de estudos do mesmo nivel ou adaptación ao novo plan de estudos, neste caso terase en conta a nota media do seu expediente (RD 1125/2003). 2. Cursos de formación relacionados co plan formativo, en particular os relacionados coas tecnoloxías da información e a comunicación (manexo e deseño de páxinas web, ferramentas de edición de imaxes e maquetación de contidos, xestión de redes sociais, etc.): Ata 4 puntos. 3. Ao estudantado que teña concedida no curso 2023/2024 unha bolsa MEFP ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional.
Titor/a	Julio Prada Rodríguez, decano da facultade
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria



Centro	Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense
Tipo de bolsa	Tratamento e difusión actividades relacionadas coa titulación – 2 bolsas 15
Obxectivos e Competencias que se adquirirán	• Coñecemento, avaliación crítica e utilización das fontes de información. • Busca e análise de información documental. • Comprensión, avaliación e adecuación da información. • Deseño de recursos para actividades de divulgación científica. • Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación. • Manexo de ferramentas de edición de imaxe e maquetación de contidos. • Interpretación e representación gráfica da información.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha das titulacións de grao ou mestrado universitario da Facultade de Educación e Traballo Social.
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico: Para estudantado de continuación de estudos de grao e de mestrado de mais de 60 créditos nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003. Para o estudantado de inicio de estudos de mestrado nota de acceso, agás cambio de estudos do mesmo nivel ou adaptación ao novo plan de estudos, neste caso terase en conta a nota media do seu expediente (RD 1125/2003). 2. Ao estudantado que teña concedida no curso 2023/2024 unha bolsa MEFP ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional.
Titor/a	Xosé Manuel Cid Fernández, decano da facultade
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria



Centro	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo de Ourense
Tipo de bolsa	Formación en equipamento e técnicas do ámbito aeroespacial – 1 bolsas-15
Obxectivos e Competencias que se adquirirán	• Manexo e mantemento de equipamento e maquinaria do ámbito aeroespacial • Montaxe e xestión de laboratorios do ámbito aeroespacial • Organización e difusión de eventos relacionados coa titulación
Requisitos específicos	Estar matriculado/a no grao en Enxeñaría Aeroespacial
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no RD 1125/2003 . 2. Ao estudantado que teña concedida no curso 2023/2024 unha bolsa MEFP ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional.
Titor/a	María de las Nieves Lorenzo González, directora da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria



CAMPUS DE PONTEVEDRA

Centro	Facultade de Fisioterapia de Pontevedra
Tipo de bolsa	Difusión e promoción da fisioterapia - 1 bolsas-15
Obxectivos e Competencias que se adquirirán	• Capacidade de elaboración de soportes de difusión: notas e documentos de prensa, informes e memorias anuais de actividades das Unidades de fisioterapia nos eventos deportivos. • Capacidade de organización das Unidades de Voluntariado de Fisioterapia. • Control da páxina web e publicación de noticias. • Capacidade de dinamización e a elaboración de contidos en redes sociais: Instagram, Facebook, Twiter, etc. • Elaboración e difusión de material divulgativo impreso.
Requisitos específicos	Estar matriculado nos graos de Fisioterapia, Comunicación Audiovisual ou Belas Artes
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no RD 1125/2003 . 2. Ao estudantado que teña concedida no curso 2023/2024 unha bolsa MEFP ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional.
Titor/a	Iria da Cuña Carrera e María del Rocío Abalo Núñez profesoras da facultade
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria



Centro	Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra
Tipo de bolsa	Tratamento e difusión actividades relacionadas coa titulación - 1 bolsas-15
Obxectivos e Competencias que se adquirirán	• Coñecemento, avaliación crítica e utilización das fontes de información. • Busca e análise de información documental. • Comprensión, avaliación e adecuación da información. • Deseño de recursos para actividades de divulgación científica. • Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación. • Manexo de ferramentas de edición de imaxe e maquetación de contidos. • Interpretación e representación gráfica da información.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a no grao en Enxeñaría Forestal
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no RD 1125/2003 . 2. Ao estudantado que teña concedida no curso 2023/2024 unha bolsa MEFP ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional.
Titor/a	María Ángeles Cancela Carral, subdirectora da escola
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria



Centro	Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra
Tipo de bolsa	Formación en equipamento e técnicas de laboratorio do ámbito forestal - 1 bolsas-15
Obxectivos e Competencias que se adquirirán	• Manexo e mantemento de equipamento do ámbito forestal • Montaxe e xestión de laboratorios do ámbito forestal
Requisitos específicos	Estar matriculado/a no grao de Enxeñaría Forestal
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no RD 1125/2003 2. Ao estudantado que teña concedida no curso 2023/2024 unha bolsa MEFP ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional.
Titor/a	María Ángeles Cancela Carral, subdirectora da escola
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria



Centro	Facultade de Belas Artes de Pontevedra
Tipo de bolsa	Sistemas informáticos audiovisuais – 1 bolsas-15
Obxectivos e Competencias que se adquirirán	• O mantemento básico dos equipos e dos programas de tratamento de imaxes e montaxes audiovisuais. • O asesoramento xeral ás persoas usuarias. • O uso correcto dos equipos e dos programas informáticos de tratamento de imaxes e montaxes audiovisuais. • A detección das incidencias e das necesidades que se produzan. • A actualización da información ás persoas usuarias no relativo ás salas.
Requisitos específicos	Estar matriculado/a nalgunha titulación de grao ou mestrado universitario da Facultade de Belas Artes.
Criterios específicos de selección	1. Nota media do expediente académico: Para estudantado de continuación de estudos de grao e de mestrado de mais de 60 créditos nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003. Para o estudantado de inicio de estudos de mestrado nota de acceso, agás cambio de estudos do mesmo nivel ou adaptación ao novo plan de estudos, neste caso terase en conta a nota media do seu expediente (RD 1125/2003). 2. Cursos de formación relacionados co plan formativo: máximo 2 puntos 3. Ao estudantado que teña concedida no curso 2023/2024 unha bolsa MEFP ou axudas propias da UVigo concederáselle 1 punto adicional
